

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, María Isabel del
Quintero Martínez, Félix
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, M^a Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Fariña Rodríguez, José
Garza Gil, María Dolores
Lorenzo González, M^a de las Nieves
Mociño González, María Isabel
Pazos Couto, José María
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Pérez Vázquez, María Consuelo
Rodríguez Vázquez, Virxilio
Soto González, María Mercedes

PDI-A

Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Arévalo Tomé, Raquel
Duran Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
López Mira, Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Romo Pérez, Vicente
Ruiz Hidalgo, M^a del Carmen

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga

ESTUDANTES

González González, Jaime
Lima González, Estela
Redondo Cervantes, Montserrat

PTXAS

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
Pazos Currás, Marta María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Anaya Revuelta, Inmaculada
Díaz Redondo, Rebeca P.
Meis Solla, Iago
Rodríguez Domínguez, M^a del Mar

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 22 de xaneiro de 2026, convocada para ás 12:00 h. en primeira convocatoria e ás 12:30 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 12:30 do día 22 de xaneiro de 2026 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 22 de decembro de 2025 e á sesión extraordinaria do 23 de decembro de 2025.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da convocatoria de eleccións de representantes do Claustro Universitario.
4. Aprobación, se procede, da modificación do calendario académico do curso 2025-2026.
5. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de doutoramento curso 2024-2025.
6. Aprobación, se procede, do plan de Subvencións.
7. Exposición do resultado da auditoría do Plan Antifraude.
8. Elevación, se procede, ao Consello Social da proposta de aprobación da aceptación pola Universidade de Vigo da doazón pola empresa KEYSIGHT TECHNOLOGIES duns equipos para dotar laboratorios docentes de electrónica analóxica na Escola de Enxeñería Industrial.
9. Aprobación, se procede, da convocatoria de mobilidade para as prazas do Contrato-Programa.
10. Aprobación, se procede, dunha emenda de carácter transitorio á Normativa de Dedicación e Recoñecementos Docentes .
11. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno do centro de investigación AtlanTTic.
12. Aprobación, se procede, da Normativa interna de adscrición individual ao campus de especialización Crea da Universidade de Vigo.
13. Aprobación, se procede, do acordo polo que se modifica o artigo 5 do Regulamento de organización e funcionamento da Unidade de Diversidade da Universidade de Vigo.

14. Elección de representantes na Comisión de seguimento do Plan Estratéxico: 5 PDI; 4 PTXAS; 5 estudantes; 4 decanos/as ou directores/as de centro; 4 directores/as de departamento; 1 membro do Consello Social; 1 axente externo/a.
15. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 estudante do ámbito Campus do Mar.
16. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 22 de decembro de 2025 e á sesión extraordinaria do 23 de decembro de 2025.

O reitor pide que, despois da corrección solicitada nunha das actas, se aproben por asentimento.

Apróbanse as actas por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:


- Asinouse convenio co Concello de Vigo para o asesoramento do observatorio da vivenda.
- O 29 de decembro, no Consello Social aprobáronse por asentimento os orzamentos e traballouse no tema de Compliance.
- Asinouse Convenio co Concello de Vilagarcía para a posta en marcha dunha formación arbórea autóctona como bosque-escola.
- Asinouse convenio coa Consellería e co CESGA para a dotación do centro de computación cuántica da Uvigo (2.4 millóns de euros).
- MEDICINA: asinouse o acordo, despois da aprobación do Consello da Xunta. Constituíuse a Comisión de Seguimento. Creouse un grupo de traballo para aspectos legais do desenvolvemento do acordo, para en dous meses artellar as unidades docentes (5 persoas, 1 persoa de cada universidade, 1 de universidades, 1 de sanidade). Creouse un grupo de traballo para aspectos organizativos e económicos (6 persoas, unha de cada universidade, 1 de universidades, 1 de sanidade, 1 de facenda).
- Convenio de adscrición co Celta de Vigo e Metrodora: preparouse un texto básico que está sendo analizado polas Asesorías Xurídicas das institucións implicadas. A Memoria do centro e as memorias das titulacións que se vaian impartindo terán o seu propio calendario.
- Comisión de Estatutos: falta un acordo sobre porcentaxes de postos nos órganos de goberno dos cinco sectores e algunhas transaccións. Rematarase en febreiro o proxecto, que se enviará á Área de Normalización Lingüística e á Asesoría Xurídica antes de elevalo ao Claustro.
- Peoplenet: Obxectivo: xestión dos procesos de chamamento a persoas candidatas das diferentes listas de agarda: PTXAS, PDI. Único punto de traballo para configuración das listaxes. Identificación da seguinte aspirante a enviar oferta. Envío de comunicacións vía e-mail e/ou SMS. Rexistro da resposta da persoa candidata. Contratación.

- Facultade de Enfermaría. Xuntanza a vindeira semana na Consellería de Sanidade para avanzar no proceso de desadscrición. A nosa vontade é que as tres escolas de carácter público pasen a formar parte da nova Facultade.
- Campus CREA. Aceptamos facer cambios (con moito dor e esforzo) no proxecto inicial para mellorar o foco. Temos cita na Consellería a vindeira semana. A nosa idea é negociar melloras na proposta para incrementar as posibilidades de éxito.
- Temos unha lanzadeira autónoma no campus, co CTAG. Anima a utilizala de cando en vez.
- Acto de San Tomé día 28, celebrarase en día lectivo en Económicas.

Remata o informe ás 12.55.

2. Aprobación, se procede, da convocatoria de eleccións de representantes do Claustro Universitario.

O reitor comenta que debemos aprobar a convocatoria de eleccións para que a Comisión Electoral poida levar a cabo o seu cometido.



3. Aprobación, se procede, da convocatoria de eleccións de representantes do Claustro Universitario.

- **ESTATUTOS:** Artigo 16. Correspóndenlle ao Consello de Goberno as seguintes funcións: ...
 - ñ) Convocar eleccións para a renovación total ou parcial do Claustro Universitario.
- **REGULAMENTO ELECTORAL XERAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO:** Artigo 8. A comisión electoral 1. A comisión electoral ten por función resolver as reclamacións presentadas contra as decisións adoptadas polas xuntas electorais dos centros e dos departamentos, así como regular as eleccións do reitor ou reitora e dos membros do claustro, aprobando o calendario, os censos e o procedemento das eleccións. Ademais, será o órgano competente para coñecer e resolver todos os problemas e dúbidas que se poidan presentar nestas e demais eleccións consideradas nos Estatutos da Universidade de Vigo.

Universidade de Vigo

Imos levar adiante un calendario semellante ao que mostra o reitor.

Apróbase por asentimento.

Jacobo Porteiro intervén posteriormente cunha dúbida, para saber se cambia agora o Claustro. O reitor di que o actual Claustro seguirá ata que tome posesión a persoa que ocupe, despois das eleccións, a Reitoría.

4. Aprobación, se procede, da modificación do calendario académico do curso 2025-2026.

O reitor expón que a Universidade de Vigo aprobou o calendario académico para o curso 2025/2026 na sesión do Consello de Goberno do 12 de marzo de 2025, no que se establecen, entre outros, os períodos lectivos e non lectivos correspondentes ás actividades docentes e administrativas.

Co obxectivo de manter unha organización académica coherente e aliñada co calendario establecido pola Xunta de Galicia, considérase conveniente realizar unha pequena adaptación no calendario académico da Universidade de Vigo. Por este motivo, propónse declarar o 6 de abril de 2026 como día non lectivo, incorporando esta modificación ao calendario académico vixente.

Isabel Mociño pide que se actualice o nome da Facultade de Educación e Traballo Social, que segue figurando como Ciencias da Educación, concretamente no apartado onde aparece recollida a festividade do Centro.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de doutoramento curso 2024-2025.

O reitor informa sobre a proposta de premios extraordinarios de doutoramento curso 2024-2025, que teñen a disposición na documentación enviada todos os membros de Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, do plan de Subvencións.

O reitor comenta que de acordo cos indicadores temos que ter pendurado na rede o plan de subvencións, polo que o trae para a súa aprobación.

Apróbase por asentimento.

7. Exposición do resultado da auditoría do Plan Antifraude.

O reitor cede a palabra á xerente, quen presenta o resultado da auditoría do Plan Antifraude, coa metodoloxía de avaliación utilizada, con niveis de cumprimento e áreas avaliadas, como Gobernanza, Medidas Preventivas (incluíndo unha referencia expresa a obsequios e regalos), Medidas de Corrección e Persecución, Rexistro Documental e Trazabilidade.

Virxilio Rodríguez bota en falta a información contida na documentación remitida aos membros do Consello de Goberno, xa que valorala agora parece un tanto ousado pola súa parte. Gustaríalle saber se co nomeamento dunha persoa responsable do cumprimento, dende a reitoría e o equipo de goberno teñen pensado facer algunha actuación ao respecto.

O reitor di que se pendurará a presentación completa, concretando que imos ter que informar deste temas periodicamente en Consello de Goberno. Vai na liña do que sempre se propuxo de que haxa transparencia e todo sexa coñecido, pedindo desculpas por no ter enviado a documentación, pero ao ser exposición querían que o coñeceran os membros do Consello de Goberno para logo poñelo a disposición. A xerente sinala que o informe entregouse aos membros de Consello de Goberno que integran a Comisión de Planificación.

8. Elevación, se procede, ao Consello Social da proposta de aprobación da aceptación pola Universidade de Vigo da doazón pola empresa KEYSIGHT TECHNOLOGIES duns equipos para dotar laboratorios docentes de electrónica analóxica na Escola de Enxeñaría Industrial.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, quen informa sobre a doazón de equipos realizada por parte da empresa KEYSIGHT TECHNOLOGIES para laboratorios docentes de electrónica analóxica na Escola de Enxeñaría Industrial, aceptada polo director da Escola de Enxeñaría Industrial en xaneiro de 2026.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da convocatoria de mobilidade para as prazas do Contrato-Programa.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen presenta esta convocatoria:

Convocatoria de mobilidade para as prazas do contrato programa

CONVOCATORIA DE MOBILIDADE ENTRE CAMPUS DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR CON VINCULACIÓN PERMANENTE OU CONSOLIDABLE (CONTRATO – PROGRAMA) – RESOLUCIÓN REITORAL DE XX DE XANEIRO DE 2026

O Consello de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión do XX de xaneiro de 2026, aprobou o acordo de mobilidade entre campus do persoal docente e investigador con vinculación permanente ou consolidable. Este acordo establece que, con carácter previo á creación dunha nova praza de Axudante Doutor vinculada ao contrato-programa nun determinado campus, o persoal docente e investigador con vinculación permanente ou consolidable pertencente á correspondente área de coñecemento poderá solicitar o cambio de adscripción ao campus no que se prevé a creación da devandita praza.

En virtude do anterior,

Convocatoria de mobilidade para as prazas do contrato programa

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Primeiro.

Publicar a convocatoria de mobilidade entre campus e abrir un prazo de presentación de solicitudes dende o **23 de xaneiro de 2026 ata o 6 de febreiro de 2026**, dirixido ao persoal docente e investigador con vinculación permanente ou consolidable da Universidade de Vigo pertencente aos departamentos e áreas de coñecemento que se relacionan no **Anexo I**.

Segundo.

As solicitudes deberán presentarse a través da **sede electrónica da Universidade de Vigo**, mediante o procedemento de **Instancia Xenérica** - <https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/22615947>, indicando no asunto "**Convocatoria mobilidade-Contrato programa**", e deberán ir acompañadas do formulario "**Solicitud mobilidade Contrato Programa**", cuberto e asinado electronicamente.

Terceiro.

Para establecer a prelación das solicitudes aplicárase o previsto no apartado A.b. da Normativa para elaborar o POD (plan de ordenación docente) da Universidade de Vigo, aprobada no consello de goberno do 6 de febreiro de 2025 e modificada no consello de goberno do 24 de novembro de 2025.

Convocatoria de mobilidade para as prazas do contrato programa

Dpto.	Unidade docente	N.º Prazas	Dpto.	Unidade docente	N.º Prazas
C01	0630-V	1	T15	0570-O	3
C05	0265-P	1	T15	0075-O	2
H03	0370-V	2	T16	A0595-V	2
H04	0345-PV	1	X01	0813-O	1
H04	0335-V	1	X03	0160-OP	1
H04	320-V	1	X04	0215-OP	1
H05	A0450+A0455-OP	1	X05	0245-P	2
H07	0260-P	1	X07	0230-V	2
H09	0185-P	2	X07	0230-O	1
H10	0567-PV	2	X08	0415-O	1
T02	0535-V	1	X09	0650-V	1
T03	0590-V	1	X11	0070-P	1
T06	A0505-O	2	X13	0150-OPV	1
T07	0520-V	2			

Apróbanse por asentimento.

10. Aprobación, se procede, dunha emenda de carácter transitorio á Normativa de Dedicación e Recoñecementos Docentes.

O reitor concreta os motivos de traer hoxe esta emenda. Houbo algún recurso presentado, e daquela pediuse un informe á Asesoría Xurídica, do que se desprende que mentres non haxa Estatutos deberíamos deixalo como está. Polo que manifesta o seu agradecemento aos sindicatos (recalcar o agradecemento).

A continuación cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen informa sobre a emenda de carácter transitorio:

Emenda á Normativa de dedicación e recoñecementos docentes

EMENDA DE CARÁCTER TRANSITORIO Á NORMATIVA DE DEDICACIÓN E RECOÑECIMENTOS DOCENTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO APROBADA NO CONSELLO DE GOBERNO DO 24 DE NOVEMBRO DE 2025

En tanto non se aprobe nos Estatutos da Universidade de Vigo unha listaxe de cargos unipersoais de goberno, consideraranse afectados pola exención das 120 h os cargos unipersoais de goberno recollidos na LOSU: *Reitor ou Reitora, Vicerreitores ou Vicerreitoras, Secretario ou Secretaria Xeral, Xerente, así como, no seu caso, Decanos ou Decanas de Facultades, e Directores ou Directoras de Escolas e Departamentos.*

Rosa Pérez pregunta se o valedor/a ou representante do reitor na CIUG, tería que dar esas 120 horas de clase. A vicerreitora de profesorado contesta que si, que terían que dar esas horas, a non ser que estiveran dirixindo TFG ou TFM, etc. presentes na táboa 3.

O reitor di que se solicitará opinión á Asesoría Xurídica sobre este tema, se sería equiparable o cargo á vicerreitor. Se fora así, sería si, senón non podería ser.

Miguel Cuevas di que é unha decisión difícil e complicada, agradece á vicerreitoría de profesorado a negociación que se fixo sobre as horas. Dúas reflexións: é necesario facer unha listaxe deses cargos, é importante abordar esta cuestión. Segunda cuestión, diferenza entre legalidade e xustiza. Pide certa responsabilidade en persoas da comunidade universitaria, a legalidade está ben, pero tamén deberíamos ter en conta a xustiza.

O reitor di que a Asesoría Xurídica interveu porque houbo un recurso e por iso tivemos que pedir un informe xurídico.

María Isabel Mociño quere trasladar certa confusión e dificultades que teñen algúns decanos e decanas cando se enfrontan con estes novos recoñecementos. Soamente pódese baixar desas 120 horas cos recoñecementos de actividade docente. Na anterior normativa só se podía desgravar o 50% da capacidade docente, e pregunta se iso quere dicir que agora pódese desgravar ata 0. O reitor indica que se podería poñer enriba da mesa na posterior rolda de negociacións, porque non se fixo ata o de agora, e é posible que alguén quede en 0. María Isabel Mociño pregunta tamén se iso é un catálogo pechado, se esas actividades docentes están recollidas nalgún sitio que poida orientar e especifique. A vicerreitora di que se especifican na táboa 3, xa que o demais va na táboa 4. Ten que ser docencia, actividade docente.

O reitor di que poderíamos ampliar o prazo para a bolsa de horas, ata o día 9 de febreiro de 2026, para reorganizar nos centros, e para que se poida compensar o traballo feito.

Emenda á Normativa de dedicación e recoñecementos docentes

ASUNTO: Consulta da Vicerreitoría de profesorado e ordenación académica sobre cargos unipersoais de goberno, en relación coa aplicación dos recoñecementos exentos do mínimo das 120 h indicados pola LOSU.

Por parte da Secretaría Xeral solicítase a esta Asesoría Xurídica informe en relación coa consulta da Vicerreitoría de profesorado e ordenación académica sobre o asunto referenciado no epígrafe.

En relación con este asunto, podemos emitir o seguinte

Emenda á Normativa de dedicación e recoñecementos docentes

A Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo do Sistema Universitario (LOSU) alude no artigo 75.2.b) á posibilidade de modificar o mínimo de horas lectivas do profesorado funcionario docente a tempo completo polo exercicio de cargos unipersoais de goberno:

“Artículo 75. Régimen de dedicación.

2. El profesorado funcionario en régimen de dedicación a tiempo completo tendrá asignada a la actividad docente un máximo de 240 y un mínimo de 120 horas lectivas por curso académico dentro de su jornada laboral anual. La universidad podrá modificar esta horquilla para:

b) Hacerla compatible con el ejercicio de cargos unipersonales de gobierno y con las tareas de responsabilidad en proyectos de interés para la universidad en la forma en que lo determinen los Estatutos.”

Emenda á Normativa de dedicación e recoñecementos docentes

Para determinar os órganos unipersoais de goberno debemos remitirnos aos que establece a LOSU, que no artigo 44 determina:

“2. Los Estatutos de las universidades establecerán y regularán, entre otros, los siguientes órganos unipersonales: Rector o Rectora, Vicerrectores o Vicerrectoras, Secretario o Secretaria General, Gerente, así como, en su caso, Decanos o Decanas de Facultades, Directores o Directoras de Escuelas, de Departamentos, o de otros órganos específicos para los centros o estructuras que determinen los Estatutos.

3. El mandato de los titulares de órganos unipersonales electos será, en todos los casos, de seis años improrrogables y no renovables.”

Emenda á Normativa de dedicación e recoñecementos docentes

Pola súa banda, o punto 2 da disposición transitoria primeira da citada norma alude aos cargos unipersoais electos:

“2. Los cargos unipersonales electos que, a la entrada en vigor de esta ley orgánica, estuvieran en su primer mandato de cuatro años, podrán finalizar el mismo y concurrir a la reelección por un periodo de seis años improrrogable y no renovable. En el caso de aquéllos que estuvieran en su segundo mandato de cuatro años podrán finalizar el mismo y, conforme a la limitación de mandatos que ya les era de aplicación, no podrán optar a una nueva reelección.”

Emenda á Normativa de dedicación e recoñecementos docentes

E o artigo 52 refírese de novo aos órganos unipersoais dos centros e departamentos:

“Artículo 52. Otros órganos unipersonales.

1. Las universidades que cuenten con facultades, escuelas o departamentos tendrán los siguientes órganos unipersonales, que ostentarán la representación de sus centros y ejercerán las funciones de dirección y gestión ordinaria de éstos: Decano o Decana de Facultad, Director o Directora de Escuela, y Director o Directora de Departamento.

Asimismo, estos órganos unipersonales nombrarán a los miembros del Equipo de Dirección de sus centros de acuerdo con lo dispuesto en los Estatutos de la universidad, y elegirán un Secretario o Secretaria del centro que ejercerá como fedatario de las decisiones tomadas por el Consejo de Facultad, de Escuela o de Departamento.

Los Decanos y Decanas de Facultad y los Directores y Directoras de Escuela se elegirán mediante elección directa por sufragio universal en la forma en que se recoja estatutariamente, de entre el personal de los cuerpos docentes universitarios funcionarios y Profesoras y Profesores Permanentes Laborales de la universidad.”

Emenda á Normativa de dedicación e recoñecementos docentes

Tamén, no artigo 43 da LOSU se alude á Defensoría Universitaria como cargo, que pode ser unipersoal ou colexiado:

4. La defensoría universitaria se encargará de velar por el respeto de los derechos y las libertades del profesorado, estudiantado y personal técnico, de gestión y de administración y servicios, ante las actuaciones de los diferentes órganos y servicios universitarios, pudiendo asumir tareas de mediación, conciliación y buenos oficios. Sus actuaciones vendrán regidas por los principios de independencia, autonomía y confidencialidad.

Corresponde a los Estatutos de la universidad establecer el régimen de funcionamiento y estructura de la defensoría universitaria, cuyo máximo cargo podrá ser un órgano unipersonal o colegiado, así como el procedimiento para su elección por el Claustro Universitario.

Emenda á Normativa de dedicación e recoñecementos docentes

Vemos que a LOSU remite tamén aos Estatutos, aínda que os Estatutos da Universidade de Vigo actualmente vixentes non recollen expresamente un listado de órganos unipersoais a efectos de recoñecementos exentos do mínimo de 120 horas, non podendo chegar este informe máis alá do previsto na normativa vixente, en particular os Estatutos, que serán os que, segundo a LOSU, deberán regular os órganos unipersoais (art. 44.2 da LOSU) e o réxime de dedicación para facela compatible co desempeño de órganos unipersoais de goberno (art. 75.2.b da LOSU).

Este é o parecer desta Asesoría Xurídica que gustosa somete a outro máis fundado en dereito.

Firmado por POUSA CRESPO MARIA JOSE -
DNI ***9790** el día 09/12/2025 con un
certificado emitido por AC Sector
Público

O reitor pide que conste en acta o seu agradecemento aos representantes sindicais do PDI, porque aínda que sexa dolorosa a decisión que tomamos, ao mesmo tempo construímos a institución.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno do centro de investigación AtlanTTic.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen fai a seguinte presentación:

Modificacións

- Inclusión da persoa que exerce a dirección no mandato inmediatamente anterior no Comité Científico por un máximo de tres anos.
- Inclusión do Consello Consultivo Empresarial (CCE) no artigo 13.
- Extensión da duración dos distintos cargos de catro a seis anos.
- Eliminación dos anexos da composición do centro e do CC.
- Modificouse o primeiro parágrafo de preámbulo e o primeiro ítem do artigo 2 para actualizalos á LOSU (2/2023).
- Foi aprobado polo Consello Reitor o 18 de decembro de 2025 e ten un informe favorable da Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento.

O reitor indica que seguramente sería bo que fixéramos un regulamento tipo para que fose modelo para todos os centros.

12. Aprobación, se procede, da Normativa interna de adscrición individual ao campus de especialización Crea da Universidade de Vigo.

O reitor retira o punto.

13. Aprobación, se procede, do acordo polo que se modifica o artigo 5 do Regulamento de organización e funcionamento da Unidade de Diversidade da Universidade de Vigo.

O reitor informa sobre o acordo polo que se modifica o artigo 5 do Regulamento de organización e funcionamento da Unidade de Diversidade da Universidade de Vigo (aprobado en consello de goberno do 10 de outubro de 2025 e que será modificado neste consello de goberno de 22 de xaneiro de 2026).

Esta proposta de modificación do Regulamento ten informe favorable da Asesoría Xurídica.

A modificación proposta ten como finalidade reforzar a gobernanza participativa da Unidade de Diversidade da Universidade de Vigo, garantindo unha participación plena do Consello Social na comisión da Unidade. O Consello Social é un órgano estatutario clave na relación da universidade coa sociedade e na supervisión da súa actividade xeral, polo que resulta coherente que a súa representación conte cos mesmos dereitos de participación que o resto das vogalías da comisión. A limitación actual á participación sen voto supón unha asimetría que non se xustifica desde unha perspectiva de bo goberno universitario, corresponsabilidade institucional e coherencia co impacto social das políticas de diversidade, inclusión e non discriminación.

En virtude do anterior, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión de 22 de xaneiro de 2026 debería adoptar o seguinte ACORDO:

Artigo único. Modificación do artigo 5, apartado 2.3 d) do Regulamento de organización e funcionamento da Unidade de Diversidade da Universidade de Vigo

Modifícase o apartado 2.3.d)) do artigo 5 do Regulamento de organización e funcionamento da Unidade de Diversidade da Universidade de Vigo, que queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 5.2.3.d)

d) Unha persoa en representación do Consello Social..

Apróbase por asentimento.

14. Elección de representantes na Comisión de seguimento do Plan Estratéxico: 5 PDI; 4 PTXAS; 5 estudantes; 4 decanos/as ou directores/as de centro; 4 directores/as de departamento; 1 membro do Consello Social; 1 axente externo/a.

O reitor informa sobre as candidaturas o seguinte:

- **5 PDI**

Non se presentou ningunha candidatura.

- **4 PTXAS**

Presentaron as seguintes candidaturas:

- Juan Ignacio Nogueira Alonso (Campus Vigo)
- María Rita Velasco Graña (Campus Vigo)

Non é necesario celebrar eleccións.

- **5 estudantes**

Presentouse a seguinte candidatura:

- Anxo López Rodríguez (Escola Superior de Enxeñaría Informática)

Non é necesario celebrar eleccións.

- **4 decanos/as ou directores/as de centro**

Non se presentou ningunha candidatura.

- **4 directores/as de departamento**

Non se presentou ningunha candidatura.

- **1 membro do Consello Social**

Non se presentou ningunha candidatura.

- **1 axente externo/a**

Non se presentou ningunha candidatura.

15. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 estudante do ámbito Campus do Mar.

O reitor informa que non se presentou ningunha candidatura.

16. Quenda de Intervencións.

Rosa Pérez intervén para falar do tema da Valedoría. Alégrralle que se vai a buscar unha candidatura de consenso, parecéndolle unha mágoa que non se fixera antes, pero quere saber como vai estar ese tema agora. O reitor di que por iso pediuse que estivera unha persoa da comisión asesora ata que no Claustro se elixa a persoa que levará a Valedoría. Non levará o tema de novo a Claustro ata que haxa unha candidatura de consenso entre as persoas candidatas. O reitor convocará de urxencia as persoas candidatas para ver se se poñen de acordo e se pode convocar un Claustro no que se elixa a persoa valedora.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:25 h. do día 22 de xaneiro de 2026, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral